

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15027848	Escola de Xornes CRA Nosa Señora do Faro	Ponteceso	2024/2025	Plan pechado- seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	21/10/24
Data aprobación consello	08/10/24
Data aprobación claustro	08/10/24

2. Introducción

Escola de Xornes, dirección: Froxán, 15110 Ponteceso. A Coruña.

A escola, pertence ao CRA Nosa Señora do Faro, que foi pioneiro na integración das ferramentas dixitais.

A Escola de Xornes ten matriculados a alumnado de educación infantil e primeiro ciclo de primaria.

Na actual curso 2024/2025 ten matriculados 6 alumnos para as distintas etapas nas que se imparte docencia.

Compartimos coas outras escolas do CRA o seguinte profesorado: A.L, Inglés; E.F, Relixión e Artística .

A partir do curso escolar 2022-2023 e amparados por unha nova lexislación, comeza a participación do centro nos Plans Dixitais. Entre a normativa que constitúe a contextualización na que se enmarca o documento destácase a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022; e tamén a Resolución do 7 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos que constituirán a Rede Galega de Educación Dixital, para o curso 2021-2022.

Como se pode observar, tanto o centro en xeral como o profesorado en particular, están abertos ás innovacións no ámbito pedagóxico e a incorporación de novos recursos no proceso de ensino-aprendizaxe. Polo que se pretende utilizar as ferramentas TIC como un dos eixos fundamentais da aprendizaxe escolar: integrándoas na práctica usual da aula; potenciando as posibilidades de acceso á información de todos os membros da comunidade educativa e, a súa vez, formando ao alumnado no seus riscos, educando nun correcto uso delas. O presente documento tamén procura contribuír a mellorar a propia formación do profesorado, como se pode observar na relación de obxectivos como tamén nas accións. Con isto pretende acadarse non só unha mellora do proceso de ensino-aprendizaxe, senón tamén modernizar e axilizar as xestións do centro e facilitando o acceso ás TIC á comunidade educativa como, por exemplo, á ANPA, á rede de Centros Rurais Agrupados, a outras asociacións...

Polo tanto, para a realización deste Plan Dixital para o curso 2024-2025, foron tidos en conta tres eixos fundamentais: a relación directa e participación do centro noutros proxectos, os intereses do claustro e os datos de análise do plan dos cursos escolares anteriores, creando así unhas unhas liñas e obxectivos a seguir que continúen o proceso de transformación do centro nunha organización dixitalmente competente. A maiores, tamén se conta co asesoramento da Rede Galega Dixitalgal, pois foi a persoa asesora e mentora no proceso de elaboración de plans pasados.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Para a elaboración da análise DAFO foron tidos en conta tanto aspectos cuantitativos coma cualitativos extraídos das seguintes fontes:

- Autoavaliación SELFIE: ferramenta desenvolta pola Comisión Europea que proporciona un informe da situación do centro.
- Test CDD: Test empregado para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro.
- Asesoramento da persoa mentora do centro e dos membros do EDPD.
- Outras fontes: O análise cualitativo realizouse cas opinións do equipo directivo e outro persoal docente que leva máis anos no centro.

Con estas aportacións, o equipo de dinamización do Plan Dixital do centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita elaboración das liñas fundamentais do plan en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	1. Non se contan con tecnoloxías asistenciais.	Infraestruturas	Non
Debilidade	1. Complexidade para atopar e determinar os items da competencia dixital, adaptados ás idades do alumnado do centro (educación infantil e primeiros cursos de educación primaria).	Organización de centro	Si
Debilidade	1. Coñecemento insuficiente sobre a Protección de datos.	Persoal docente	Si
Debilidade	2. Falta de consenso sobre os posibles beneficios e tamén os posibles riscos do uso das novas tecnoloxías.	Persoal docente	Si
Fortaleza	1. Gran uso de recursos dixitais.	Alumnado	Si
Fortaleza	2. Inicio na robótica e impresión 3D.	Alumnado	Si
Fortaleza	1. Uso da ferramenta Abalar móbil.	Familias	Si
Fortaleza	1. Bo acceso e conectividade nas diferentes escolas do centro.	Infraestruturas	Si
Fortaleza	2.Existencia de espazos físicos e infraestruturas para desenvolver a ensinanza empregando recursos de novas tecnoloxías.	Infraestruturas	Si
Fortaleza	3. Existencia de suficientes dispositivos dixitais para o proceso de ensino-aprendizaxe.	Infraestruturas	Si
Fortaleza	4. Redución da fenda dixital a través das tecnoloxías da información e comunicación usadas no centro.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	1. Variedade de recursos dixitais.	Oferta	Si
Fortaleza	1. Boa dinamización da moodle, nube, instagram, youtube e páxina web do centro.	Organización de centro	Si
Fortaleza	2. Existencia dunha estratexia dixital da que o profesorado e coñecedor e partícipe.	Organización de centro	Si
Fortaleza	3.Existencia de repositorios en liña na nube.	Organización de centro	Si
Fortaleza	4. Escasa colaboración do profesorado con outros centros ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.	Organización de centro	Si
Fortaleza	1. Alto uso de equipos e recursos dixitais.	Persoal docente	Si
Fortaleza	2. Implicación do profesorado na formación.	Persoal docente	Si
Fortaleza	3. Participación e interese do profesorado en novas modalidades de ensinanza-aprendizaxe.	Persoal docente	Si
Fortaleza	4. Realización por parte do profesorado dun seguemento e avaliación trimestral do progreso no uso das tics dentro do proceso de xestión da calidade.	Persoal docente	Non
Fortaleza	5. Creación de recursos educativos en liña a través da rede de escolas na nube.	Persoal docente	Si
Fortaleza	6. Amplo uso das plataformas corporativas para as comunicacións coa comunidade educativa.	Persoal docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	2. Falta de tempo para crear recursos.	Administración educativa	Si
Ameaza	1. Mala asistencia técnica por parte da consellería.	Administración educativa	Si
Ameaza	3. Falta de actualización de varios equipos informáticos.	Administración educativa	Si
Ameaza	4. Falta de materiais de robótica entre as dotacións de material que se solicitan á administración.	Administración educativa	Non
Ameaza	1. Existencia dunha fenda dixital nunha por parte dalgunhas das familias.	Contorna	Si
Oportunidade	1. Actualización e mellora da competencia dixital a través de outros programas como o Erasmus+.	Outras	Si
Oportunidade	2. Participación en intercambiamos experiencias a través do programa Erasmus+.	Outras	Si

3.4. Análise

Unha vez recopilada a información de ambos test (SELFIE e TEST CDD), foi realizada a análise DAFO, contemplando os aspectos reflectidos nos test pero tamén as opinións propias do EDPD sobre o centro, o seu funcionamento, a contorna que inflúe no mesmo e outras das súas particularidades.

Unha vez comentados e repasados os aspectos reflectidos, foron establecidas as diferentes prioridades de mellora, comentando aspectos que estivesen dentro dos intereses do claustro e que puidesen reflectir unha mellora na organización e nos procesos de ensino-aprendizaxe no que respecta ao ensino dixital.

Así foi como se chegou ao acordo de que, a grandes rasgos, este Plan Dixital para o curso 2024-2025 se centrará en catro grandes áreas:

- A ampliación do repositorio de recursos dixitais propios aproveitando as redes sociais, páxinas da consellería, rede de centros na nube...
- O emprego dos recursos dixitais e equipos cos que o centro xa conta. Como é o caso dos diferentes recursos de robótica, impresoras 3D, actividades dixitais creadas polo profesorado... E tamén o uso dos materiais que se agarda se reciban como parte da participación no proxecto de Polos Creativos.
- Colaboración con outros centros en actividades que requiran ou fomenten o uso responsable das novas tecnoloxías.
- Formación ao claustro. Na que se terá en conta a formación ao profesorado de nova incorporación ao centro, como a participación en formacións para todo o conxunto de mestres e mestras.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Crear e compartir actividades no Celeiro (ferramenta empregada pola rede de Escolas na nube) empregándoas como acompañamento no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
O02PD	Formar ao profesorado en competencia dixital procurando que unha parte (ou a totalidade) do claustro acade o nivel B2 de cara ao final do curso escolar.
O03PD	Continuar coa colaboración con outros centros en proxectos que impliquen e/ou fomenten o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
O04PD	Realizar formacións de aprendizaxe docente entre iguais (peer learning) sobre diferentes ferramentas e recursos dixitais que resulten de interese para o claustro.

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Parcialmente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - 2. Falta de tempo para crear recursos.
Ameaza - Administración educativa - 1. Mala asistencia técnica por parte da consellería.
Ameaza - Administración educativa - 3. Falta de actualización de varios equipos informáticos.
Ameaza - Contorna - 1. Existencia dunha fenda dixital nunha por parte dalgunhas das familias.

Debilidade - Organización de centro - 1. Complexidade para atopar e determinar os ítems da competencia dixital, adaptados ás idades do alumnado do centro (educación infantil e primeiros cursos de educación primaria).

Debilidade - Persoal docente - 2. Falta de consenso sobre os posibles beneficios e tamén os posibles riscos do uso das novas tecnoloxías.

Fortaleza - Alumnado - 1. Gran uso de recursos dixitais.

Fortaleza - Infraestruturas - 1. Bo acceso e conectividade nas diferentes escolas do centro.

Fortaleza - Infraestruturas - 2. Existencia de espazos físicos e infraestruturas para desenvolver a ensinanza empregando recursos de novas tecnoloxías.

Fortaleza - Infraestruturas - 3. Existencia de suficientes dispositivos dixitais para o proceso de ensino-aprendizaxe.

Fortaleza - Oferta - 1. Variedade de recursos dixitais.

Fortaleza - Organización de centro - 1. Boa dinamización da moodle, nube, instagram, youtube e páxina web do centro.

Fortaleza - Organización de centro - 2. Existencia dunha estratexia dixital da que o profesorado e coñecedor e participe.

Fortaleza - Organización de centro - 3. Existencia de repositorios en liña na nube.

Fortaleza - Persoal docente - 1. Alto uso de equipos e recursos dixitais.

Fortaleza - Persoal docente - 2. Implicación do profesorado na formación.

Fortaleza - Persoal docente - 3. Participación e interese do profesorado en novas modalidades de ensinanza-aprendizaxe.

Fortaleza - Persoal docente - 5. Creación de recursos educativos en liña a través da rede de escolas na nube.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de actividades compartidas por trimestre	2	2	2	2		

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1: Procurar e preparar materiais dixitais relacionados cos contidos do 1º trimestre	22/12/2024	setembro, decembro, novembro, outubro
Responsables	Equipo de traballo	
Destinatario	Profesorado do centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2 Procurar e crear materiais dixitais relacionados cos contidos do 2º trimestre	22/04/2025	xaneiro, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo de traballo	
Destinatario	Profesorado do centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.3 Procurar e crear materiais dixitais relacionados cos contidos do 3º trimestre	23/06/2025	maio, xullo, xuño
Responsables	Equipo de traballo	
Destinatario	Profesorado do centro	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - 1. Coñecemento insuficiente sobre a Protección de datos.
 Fortaleza - Alumnado - 1. Gran uso de recursos dixitais.
 Fortaleza - Alumnado - 2. Inicio na robótica e impresión 3D.
 Fortaleza - Familias - 1. Uso da ferramenta Abalar móbil.
 Fortaleza - Infraestruturas - 1. Bo acceso e conectividade nas diferentes escolas do centro.
 Fortaleza - Oferta - 1. Variedade de recursos dixitais.
 Fortaleza - Organización de centro - 1. Boa dinamización da moodle, nube, instagram, youtube e páxina web do centro.
 Fortaleza - Organización de centro - 2. Existencia dunha estratexia dixital da que o profesorado e coñecedor e partícipe.
 Fortaleza - Organización de centro - 3. Existencia de repositorios en liña na nube.
 Fortaleza - Persoal docente - 1. Alto uso de equipos e recursos dixitais.
 Fortaleza - Persoal docente - 2. Implicación do profesorado na formación.
 Fortaleza - Persoal docente - 3. Participación e interese do profesorado en novas modalidades de ensinanza-aprendizaxe.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de profesorado que ten un 80% ou máis do nivel B2 na Competencia Dixital Docente.	2	4				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1 Formación ao profesorado do centro no uso e aproveitamento das redes sociais.	23/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Experta no uso das redes sociais.	
Destinatario	Profesorado.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.2: Solicitud e creación dun PFPP centrado na formación do profesorado en habilidades e destrezas compatibles e descritas no nivel B2 da CDD.	24/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Coordinadora do PFPP	
Destinatario	Profesorado do centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.3 Realización de diferentes actividades co alumnado empregando o aprendido na formación do PFPP.	24/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado implicado no PFPP e voluntario.	
Destinatario	Alumnado do centro	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Organización de centro - 1. Complexidade para atopar e determinar os items da competencia dixital, adaptados ás idades do alumnado do centro (educación infantil e primeiros cursos de educación primaria).

Debilidade - Persoal docente - 2. Falta de consenso sobre os posibles beneficios e tamén os posibles riscos do uso das novas tecnoloxías.

Fortaleza - Infraestruturas - 1. Bo acceso e conectividade nas diferentes escolas do centro.

Fortaleza - Infraestruturas - 2. Existencia de espazos físicos e infraestruturas para desenvolver a ensinanza empregando recursos de novas tecnoloxías.

Fortaleza - Infraestruturas - 3. Existencia de suficientes dispositivos dixitais para o proceso de ensino-aprendizaxe.

Fortaleza - Organización de centro - 4. Escasa colaboración do profesorado con outros centros ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.

Fortaleza - Persoal docente - 2. Implicación do profesorado na formación.

Fortaleza - Persoal docente - 3. Participación e interese do profesorado en novas modalidades de ensinanza-aprendizaxe.

Oportunidade - Outras - 1. Actualización e mellora da competencia dixital a través de outros programas como o Erasmus+.

Oportunidade - Outras - 2. Participación en intercambiamos experiencias a través do programa Erasmus+.

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de proxectos educativo relacionados co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.	0	1	1	1		

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.1 Creación dun equipo encargado de levar a cabo o proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.	12/12/2024	setembro, decembro, novembro, outubro
Responsables	Profesorado implicado en levar o proxecto a cabo	
Destinatario	Alumnado dos centros	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.2 Procura de centros cos que compartir o proxecto e creación deste.	20/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado implicado	
Destinatario	Alumnado dos centros	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.3 Posta en marcha dos proxectos creados.	24/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado implicado	
Destinatario	Alumnado dos centros	

4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Organización de centro - 1. Complexidade para atopar e determinar os items da competencia dixital, adaptados ás idades do alumnado do centro (educación infantil e primeiros cursos de educación primaria).

Fortaleza - Alumnado - 1. Gran uso de recursos dixitais.

Fortaleza - Alumnado - 2. Inicio na robótica e impresión 3D.

Fortaleza - Infraestruturas - 1. Bo acceso e conectividade nas diferentes escolas do centro.

Fortaleza - Infraestruturas - 2. Existencia de espazos físicos e infraestruturas para desenvolver a ensinanza empregando recursos de novas tecnoloxías.

Fortaleza - Oferta - 1. Variedade de recursos dixitais.

Fortaleza - Organización de centro - 1. Boa dinamización da moodle, nube, instagram, youtube e páxina web do centro.

Fortaleza - Organización de centro - 2. Existencia dunha estratexia dixital da que o profesorado e coñecedor e partícipe.

Fortaleza - Persoal docente - 2. Implicación do profesorado na formación.

Fortaleza - Persoal docente - 3. Participación e interese do profesorado en novas modalidades de ensinanza-aprendizaxe.

Fortaleza - Persoal docente - 5. Creación de recursos educativos en liña a través da rede de escolas na nube.

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de formacións realizadas entre o propio profesorado do centro, aproveitando os recursos e estratexias de "Peer learning".	1	3				

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.1 Realización dunha formación ao profesorado de nova incorporación ao centro sobre as diferentes ferramentas usadas e indispensables como o libro do mestre en moodle, a rede de escolas na nube.	31/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Persoas integrantes do equipo de Plan Dixital.	
Destinatario	Profesorado do centro.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.2 Realización dunha enquisa ao profesorado sobre diferentes ferramentas dixitais e tecnoloxías da información e comunicación, procurando a información sobre os intereses e as fortalezas dos integrantes do claustro.	31/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Profesorado antigo do centro	
Destinatario	Profesorado novo no centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.3 Realización dunha formación ao profesorado de nova incorporación ao centro sobre o uso das impresoras 3D.	23/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado no equipo TIC	
Destinatario	Profesorado do centro	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.4 Realización dunha formación ao profesorado do centro sobre os diferentes recursos recibidos a través do proxecto de Polos Creativos.	23/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado do equipo de Polos Creativos.	
Destinatario	Profesorado do centro.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.5 Realización doutras formación creadas a partir dos resultados das enquisas pasadas ao claustro.	23/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado do centro	
Destinatario	Profesorado do centro	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

Para a realización do seguimento do desenvolvemento do plan dixital, levarase a cabo unha avaliación do proceso a nivel trimestral incluíndo así:

- O estado da execución das accións a realizar en cada trimestre ou o aprazamento das mesmas se fose necesario.
- O estado dos obxectivos plantexados.
- As dificultades atopadas.
- Unha análise da situación e propostas de mellora.

5.2. Primeiro trimestre

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

No que respecta á avaliación final, será realizada unha vez ao ano, ao remate do curso escolar 2024-2025. Nela incluíranse aspectos como:

- O grao de consecución de cada obxectivo e das accións realizadas e/ou pendentes dos mesmos.
- Unha avaliación do Plan Dixital en xeral (resultados obtidos, dificultades atopadas...)
- Propostas de mellora, que serán tidas en conta e ditarán posibles modificacións nos Plans Dixitais dos cursos académicos seguintes.

Para a realización tanto desta avaliación final coma do seguimento, empregaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

O Plan Dixital será público e será difundido (xunto co resto de plans do centro) na páxina web <https://www.edu.xunta.gal/centros/crasenhorafaro/>, na nube do CRA e, sempre que aconteza un feito salientable, tamén será nomeado nos medios e redes sociais do centro. Desta forma poderá ser consultado pola comunidade educativa en calquera momento.

A maiores, despois da súa aprobación, será tamén publicado no apartado de “Plans dos centros” da plataforma de Educalidade <https://www.edu.xunta.gal/educalidade/>.

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
SELFIE	SELFIE.pdf
TEST CDD	TEST CDD.pdf
DAFO	DAFO.csv